



# REGULAMENTO DO DEPARTAMENTO DE EMPRESA

## Aprobado polo Consello de Goberno do 20 de xullo de 2017

---

### PREÁMBULO

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, Aprobados polo Decreto 101/2004 de 13 de maio (D.O.G. de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (D.O.G. de 17 de outubro).

A regulación do réxime de funcionamento e organización do departamento de Empresa fica enmarcado na normativa aplicable á Universidade da Coruña e rexeráse polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de réxime interno.

### TÍTULO PRELIMINAR

#### *Artigo 1. Obxecto do regulamento*

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e organización do departamento de Empresa.

#### *Artigo 2. Ámbito de aplicación*

O presente regulamento é de aplicación ao departamento de Empresa da Universidade da Coruña constituído polas áreas de coñecemento de Comercialización e Investigación de Mercados, Economía Financeira e Contabilidade e Organización de Empresas e, consecuentemente, será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto membros del.

#### *Artigo 3. Natureza*

Os departamentos son as unidades de docencia e investigación encargadas de coordinar as ensinanzas dun ou varios ámbitos de coñecemento nun ou varios centros de acordo coa programación docente da Universidade, de apoiar as actividades docentes e investigadoras do PDI e das demais funcións que lles sexan encomendadas polos Estatutos da UDC.

### TÍTULO PRIMEIRO: CONSTITUCIÓN E ADSCRICIÓN

#### *Artigo 4. Constitución*

1. Os departamento de Empresa constituiranse polas áreas de Comercialización e Investigación de Mercados, Economía Financeira e Contabilidade e Organización de Empresas, agrupando o persoal docente e investigador (PDI) correspondente a estas e o persoal de investigación, bolseiros/as de investigación, estudantes e o persoal de administración e servizos que estean adscritos a el.

#### *Artigo 5. Adscrición*

1. A adscrición inicial do PDI aos departamentos farase de acordo coa convocatoria da praza correspondente. Calquera mudanza de adscrición deberá ser acordado polo Consello de Goberno por instancia da persoa interesada e logo do informe dos departamentos afectados.



2. En consonancia coa estrutura da súa docencia, a sede do Departamento de Empresa establecece na Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña.

## TÍTULO SEGUNDO: ORGANIZACIÓN

### CAPÍTULO 1. DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

1. O consello de departamento, o órgano colexiado de goberno do departamento, estará integrado polas seguintes persoas:
  - a) O director ou directora, que o presidirá e o convocará e o secretario ou secretaria.
  - b) Todos as persoas doutoras vinculados por relación funcional, laboral ou bolsreira á Universidade e todo o profesorado e axudantes sen título de doutor/a e a tempo completo integrados no departamento.
  - c) Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e, de ser o caso, das persoas lectoras integradas no departamento, que suporá o 5 %.
  - d) Unha representación do estudantado do ámbito da docencia do departamento que suporá un 28 %, dos que, de ser o caso, o 40 % corresponderá aos estudantes de doutoramento.
  - e) Un/unha representante do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento.
2. A elección da representación dos diferentes sectores no Consello de departamento realizarase de acordo co previsto no Regulamento electoral da Universidade.

### *Artigo 7. Competencias*

É competencia do consello de departamento:

- a) Elixir o director ou directora e, de ser o caso, revogalo/a.
- b) Elixir aos coordinadores das seccións departamentais e a os membros da Comisión Permanente
- c) Programar as actividades docentes e investigadoras do departamento, elaborar o seu plan de organización docente e propoñer os programas de doutoramento, de acordo coa Escola Internacional de Doutoramento.
- d) Formular as demandas do persoal docente e investigador.
- e) Organizar cursos ou estudos de posgrao ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.
- f) Participar na selección e contratación do persoal docente e investigador.
- g) Propoñer nomeamentos de doutores honoris causa.
- h) Aprobar a distribución do orzamento anual do departamento e a súa execución.
- i) Elaborar o regulamento de réxime interno do departamento.
- j) Informar as solicitudes de realización de congresos e xornadas científicas
- k) Calquera outra competencia que lle sexa asignada polas disposicións legais vixentes e os Estatutos.

### *Artigo 8. Da Comisión Permanente*

1. O Consello de Departamento poderá crear unha Comisión Permanente en que delegará o exercicio das súas competencias, agás as que non poidan ser obxecto de delegación.



- 2 Os acordos adoptados en Comisión Permanente deberán ser comunicados ao Consello de Departamento na seguinte sesión ordinaria que realice.
- 3 A Comisión Permanente estará integrada polas seguintes persoas:
  - a) A que ostente a Dirección do Departamento que presidirá a Comisión
  - b) A que ostente a Secretaria do Departamento que realizará as funcións de Secretario/a na mesma
  - c) Os coordinadores das seccións departamentais
  - d) Cinco en representación da sección departamental de Economía Financeira e Contabilidade
  - e) Dous en representación da sección departamental de Organización de Empresas-Campus da Coruña
  - f) Unha en representación da sección departamental de Organización de Empresas-Campus de Ferrol
  - g) Unha en representación da sección departamental de Comercialización e Investigación de Mercados
  - h) Unha en representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia
  - i) Unha representación do estudantado membro do consello de departamento que suporá un 28%, dos que, de ser o caso, o 40% corresponderá aos estudantes de doutoramento
  - j) Unha en representación do persoal de administración e servizos adscrito ao departamento.
4. A Comisión Permanente renovará os seus membros cada dous anos.

### *Artigo 9. Das comisións de estudo e asesoramento*

O Consello de Departamento poderá crear, con carácter temporal ou permanente, comisións de estudo e asesoramento de carácter non decisorio. O acordo de creación determinará as súas funcións e composición.

## **CAPÍTULO 2. DA DIRECCIÓN DO DEPARTAMENTO**

### *Artigo 10. Elección*

1. A dirección do departamento é o órgano que ten a encomenda de dirixir, xestionar e representar o departamento.
2. Poderá ser candidato á dirección do departamento o PDI doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo completo. As eleccións serán realizadas polo Consello de Departamento na forma prevista no Regulamento electoral da Universidade. A persoa elixida será nomeada polo/a reitor/a.
3. De non se poder efectuar o nomeamento do director ou directora do departamento por falta de candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, unha vez oído o consello de departamento, o/a reitor/a encargalle provisionalmente as funcións de dirección a un ou unha dos profesores e profesoras do departamento, de preferencia o/a de maior categoría e, dentro dela, maior antigüidade.



4. A duración do mandato será de catro anos, só se poderán presentar a unha única reelección.
5. Os/as directores/as de departamento cesarán nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentariamente se establezan.
6. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular, as funcións de dirección serán exercidas polo PDI adscrito ao departamento de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade.

### *Artigo 11. Funcións*

Correspóndelles aos/ás directores/as de departamento:

- a) Exercer a representación do departamento.
- b) Presidir e convocar o consello de departamento e executar os seus acordos.
- c) Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do departamento.
- d) Coordinar coa UADI correspondente a atención ás necesidades administrativas e de xestión do departamento.
- e) Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos Estatutos.
- f) Executar as previsións orzamentarias.
- g) Propor ao/á reitor/a o nomeamento, entre o profesorado adscrito ao departamento, da persoa que vaia desempeñar a Secretaría deste.
- h) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos.

## CAPÍTULO 3. DA SECRETARÍA DO DEPARTAMENTO

### *Artigo 12. Nomeamento*

A persoa que vaia desempeñar a Secretaría do departamento será nomeada polo/a reitor/a, por proposta do director ou directora, de entre o profesorado e axudantes do departamento coa Universidade e dedicación a tempo completo. Cesará no cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do/a reitor/a, por proposta da dirección do departamento.

### *Artigo 13. Funcións*

A Secretaría do departamento ten como función redactar as actas das sesións, custodiar a documentación e expedir certificacións, ben como calquera outra función que lle fose delegada polo director ou directora de departamento ou encomendada polas disposicións vixentes e os Estatutos.

## CAPÍTULO 4. DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS

### *Artigo 14. Creación*

Por proposta do profesorado interesado, e logo do informe do departamento afectado, o Consello de Goberno poderá crear seccións departamentais cando así o aconsellaren razóns xeográficas, a existencia de diversas áreas ou ámbitos de coñecemento ou o elevado número de PDI adscrito ao departamento.



### Artigo 15. Organización

1. Cada sección deberá contar con un número mínimo de tres PDI. Porén, só terán dereito á redución prevista no parágrafo seguinte os coordinadores ou coordinadoras daquelas seccións departamentais que agrupen, como mínimo, dez PDI permanentes a tempo completo, incluíndo quen teña compromiso de permanencia.
2. De entre o PDI adscrito á sección e por proposta desta, o Consello de Departamento nomeará unha persoa responsable que terá dereito a unha redución da súa carga docente con cargo á bolsa de horas xestionada polo centro en que imparta docencia.
3. Se constituirán as seguintes seccións departamentais integradas polos profesores das áreas de coñecemento correspondentes:
  - a) Sección departamental de Comercialización e Investigación de Mercados, constituída polos profesores da área de Comercialización e Investigación de Mercados.
  - b) Sección departamental de Economía Financeira e Contabilidade, constituída polos profesores da área de Economía Financeira e Contabilidade.
  - c) Organización de Empresas-Campus da Coruña, constituída por profesores da área de Organización de Empresas que teñan asignada a docencia de materias nos Campus da Coruña
  - d) Sección departamental de Organización de Empresas-Campus de Ferrol, constituída por profesores da área de Organización de Empresas que teñan asignada a docencia de materias nos Campus de Ferrol.

### Artigo 16. Competencias

Alén das que lle delegue o Consello de Departamento, cada sección exercerá, polo menos, as competencias seguintes:

- a) Propor ao Consello de Departamento, por acordo da sección, as convocatorias de prazas de PDI correspondentes á sección, de acordo co que está disposto nos artigos 81 a 84 dos Estatutos. A proposta de convocatoria inclúe, en todo caso, a comisión xulgadora, o perfil e a categoría da praza.
- b) Propor ao Consello o Plano de organización docente (POD) correspondente ao PDI adscrito á sección.

## TÍTULO TERCEIRO: NORMAS DE FUNCIONAMENTO

### Artigo 17. Convocatorias e sesións

1. O Consello de departamento poderase constituír e realizar as súas sesións tanto de forma presencial como a distancia. Neste último caso, os membros do órgano poderán asistir á reunión por medios electrónicos, considerándose tales aqueles que permitan asegurar a identidade da persoa, o contido e o momento en que se producen as súas manifestacións, ben como a intercomunicación en tempo real.
2. Para a válida constitución do Consello de Departamento requirírase en primeira



convocatoria a asistencia, presencial ou a distancia, polo menos, da metade dos seus membros sempre que asistan os que ocuparen a dirección e a secretaría ou as persoas que, de ser o caso, as substitúan. De non se acadar este quórum, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria, despois de 15 minutos, coa presenza dun terzo dos seus membros e, en todo caso, de quen ocupe a dirección e a secretaría ou das persoas que, de ser o caso, as substitúan.

3. As convocatorias serán remitidas aos membros do Consello de Departamento cunha antecedencia mínima de dous días hábiles, a través de medios electrónicos, incluíndo a orde do día e a documentación que corresponda, ben como o día, hora e lugar da sesión e o sistema de conexión para a asistencia a distancia.
4. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do/a director/a, poderanse invitar ás sesións do Pleno ou, se for o caso, das comisións, ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto
5. A orde do día da sesión será fixada pola dirección do departamento tomando en conta as solicitudes realizadas polos demais membros.

### *Artigo 18. Votación e adopción de acordos*

1. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. Tampouco se poderán adoptar acordos nos puntos da orde do día correspondentes a «informes» ou «suxestións e preguntas».
2. Os acordos serán adoptados por maioría de votos afirmativos sen se teren en conta as abstencións. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da dirección.
3. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos. Quen votase en contra dun acordo maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo de máximo de 48 dos días que conta desde o remate da sesión.

### *Artigo 19. Actas*

1. O secretario ou secretaria redactará a acta de todas as sesións do Consello de Departamento. A acta especificará a relación de asistentes, as ausencias xustificadas, a orde do día, o lugar e tempo da reunión, referencia sucinta das deliberación e o contido dos acordos adoptados.
2. Poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo secretario ou secretaria da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Neste caso, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do Consello.
3. A acta de cada sesión aprobarase na mesma ou na seguinte reunión do Consello. Con tal fin, a persoa que ocupe a secretaría elaborará a acta co visto e prace do presidente ou presidenta e remitiraa a través de medios electrónicos aos membros do órgano colexiado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto,



para os efectos da súa aprobación.

### *Artigo 20. Aplicación analóxica*

O establecido nos artigo anteriores respecto do Consello de Departamento aplicarase analoxicamente ao resto dos seus órganos colexiados.

## TÍTULO CUARTO: DA REFORMA DO REGULAMENTO

### *Artigo 21. Iniciativa de reforma do regulamento*

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros do Consello de Departamento. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao/á director/a.

### *Artigo 22. Tramitación de reforma do regulamento*

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a director/a aos membros do Consello, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

### *Artigo 23. Tramitación de reforma do regulamento*

Para a modificación do regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

## DISPOSICIÓN FINAL

### *Única. Entrada en vigor*

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña

En todo caso, a aplicación das previsións relativas á asistencia a distancia e á gravación das sesións dos órganos colexiados dos departamentos será acordada polo Consello de Departamento, atendendo á dispoñibilidade dos medios técnicos adecuados.